

ANUNCIO

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE 1 PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL (C30) DE PARA CONVOCATORIA DA PROBA DO GALEGO.

O 10/06/2024, ás 9.51 h, reúnese o Tribunal cualificador do proceso de estabilización Lei 20/2021 para 1 praza de EDUCADOR/A SOCIAL (C30), e acordar a data da convocatoria da proba do galego da fase concurso, segundo a acta que se transcribe literalmente de seguido:

“ACTA SESIÓN NÚMERO 3 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021 PARA 1 PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL (C30)

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 9:51 horas do día 10 de xuño de 2024, o Tribunal cualificador do proceso de estabilización da Lei 20/2021 de 1 praza de educador/a social (Ref. C30), reúnese por medios telemáticos.

Preside a sesión, Paloma Caínzos Orduna, Tesoureira do concello de Rianxo, e asisten telematicamente como vogais os seguintes:

2º vogal: José Manuel Outeiral Castro, persoal laboral fixo do Concello de Lousame

3º vogal: Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois

Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Rianxo

Non asisten:

- 1ª vogal: David Cobas Medín, funcionario de Educación da Xunta de Galicia

A presidenta declara constituído o tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

1. O Concello de Rianxo publicou no BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1.029/2022, do 28/12/2022, que incluía 1 praza de educador/a social.
2. O Concello de Rianxo publicou no BOE núm.313, do 30/12/2022, a convocatoria para prover as ditas prazas.
3. O prazo para a presentación das instancias para participar no dito proceso foi de 20 días naturais, segundo o establecido no punto 3 da base sexta das bases; así, o día 19/01/2023 rematou o prazo de presentación de instancias.
4. O día 02/05/2023 publicouse no BOP núm. 82 a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para tomar parte no proceso selectivo na que se establecía un prazo de 10 días hábiles (R.A. número 377/2023 do 20/04/2023) para a súa emenda.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 571.335 exp. 2022/E001/000027

5. O día 13/06/2023 publicouse no BOP núm. 111 a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas (R.A. número 564/2023 do 06/06/2023).
6. O 11/03/2024, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 240/2024, o alcalde nomeou ao tribunal cualificador que se vai encargar do proceso de selección do persoal no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para 1 praza de educador/a social (C30). (BOP núm. 55 do 18/03/2024)
7. O 18/03/2024 no BOP núm. 55, anunciouse a sesión constitutiva do tribunal cualificador encargada do proceso, fixada pola Resolución da Alcaldía núm. 240/2024, do 11/03/2024, tendo lugar a mesma o 23/04/2024 ás 11.30 h na Casa do Concello.
8. O 23/04/2024 os membros do tribunal proceden a valorar os méritos presentados polos aspirantes e debidamente acreditados, de conformidade co disposto no punto 9.6, Méritos a valorar, tanto no relativo á experiencia profesional, como á formación específica, publicando os resultados o 25/04/2024,
9. O 23/05/2024 os membros do tribunal proceden a desestimar as alegacións presentadas por Cristina Piñeiro Rial, declarar que ten superado o proceso selectivo a aspirante Natalia Galbán Rubio, e establecer a relación/listaxe complementaria integrada polas aspirantes non propostas para a cobertura da praza en propiedade,
10. Advertido que a aspirante ***3194** Bautista Outeiral, Laura, non acredita estar en posesión do CELGA ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente,

Á vista de todo o exposto, o tribunal **ACORDA:**

Fixar a proba do galego para as persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do nivel coñecemento da lingua galega (CELGA, ou equivalente), requirido nas bases específicas reguladoras, para **o vindeiro luns, día 17 de xuño de 2024, ás 9,00 h**, no Salón de Pleno do Concello de Rianxo, para realizar a proba do galego, tal e como se recolle nas Bases publicadas no BOP núm. 246 de 29/12/2022, no punto décimo, para os procesos de estabilización Lei 20/2021, ás seguintes persoas:

- Bautista Outeiral, Laura

A Presidencia remata a sesión ás 10.20 h, da que se estende esta acta, que será asinada pola presidenta do tribunal e da que eu, como secretaria, dou fe."

O que se fai público para xeral coñecemento.

Rianxo, na data de sinatura dixital

A secretaria do Tribunal, Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Rianxo